

ORZAMENTO EXERCICIO 2016

TRÁMITE ADMINISTRATIVO

- [Ditame da Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior do 24.11.2015 \(aprobación inicial\).](#)
- [Certificado do acordo plenario de aprobación inicial. Sesión do 27.11.2015.](#)
- [Publicación da aprobación inicial no BOP núm. 229 do 30.11.2015.](#)
- [Certificados das reclamacións presentadas.](#)
- [Ditames da Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior ordinaria do 23.12.2015 e extraordinaria e urxente do 30.12.2015 \(aprobación definitiva\).](#)
- [Certificado do acordo plenario de aprobación definitiva. Sesión do 30.12.2015.](#)
- [Publicación da aprobación definitiva no BOP núm. 250 do 31.12.2015.](#)



Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Rexime Interior

Reunión do 24 de novembro de 2014

Preside: ANTONIO LEIRA PIÑEIRO

Deputados/as:

Presentes: BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO (en substitución de Juan Vicente Penabad Muras), MANUEL MUÍÑO ESPASANDÍN, XESÚS MANUEL SOTO VIVERO, SUSANA GARCÍA GÓMEZ (en substitución de Eduardo José Parga Veiga), JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ, JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO, JUAN JOSÉ DIESTE ORTIGUEIRA (en substitución de Gumersindo Pedro Galego Feal), JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ (en substitución de Mariel Padín Fernández), MANUEL DIOS DIZ e ÁNGEL GARCÍA SEOANE

Escusada: CLAUDIA DELSO CARREIRA

Asisten: JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA, (Interventor Xeral), ENRIQUE MANUEL CALVETE PÉREZ (Tesoureiro), ANA MARÍA MARCOS GARCÍA (Xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos), MANUEL VÁZQUEZ SESMONDE (Xefe do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente) e MARÍA AMPARO CRISTINA TABOADA GIL (Oficial Maior)

Secretaria: MARIA JOSÉ VÁZQUEZ SESMONDE

ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2016 E BASES DE EXECUCIÓN

Examinado o expediente que contén o Proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2016, que presenta o Sr. Presidente, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, procede:

1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2016 por importe de 175.599.035,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIÓNS CORRENTES:

CAPÍTULO I	Impostos directos	16.113.432,58
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	14.396.701,53
CAPÍTULO III	Taxas e outros ingresos	10.519.620,98
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	131.814.277,44
CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	710.248,65
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		173.554.281,18

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI	Alleamento de investimentos reais	1.569.708,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		1.569.708,00

3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS:

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	475.045,82
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		475.045,82

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL 175.599.035,00

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:**1. OPERACIÓNS CORRENTES:**

CAPÍTULO I	Gastos de persoal	39.839.503,89
CAPÍTULO II	Gastos correntes en bens e servizos	22.545.924,35
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	20.000,00
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	45.857.965,76
CAPÍTULO V	Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.512.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		111.775.394,00

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI	Investimentos reais	22.402.870,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	19.355.000,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		41.757.870,00

3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS:

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	22.065.771,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		22.065.771,00

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL 175.599.035,00

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

ÁREA DE GASTO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
1	Servizos públicos básicos	3.483.502,00
2	Actuacións protección e promoción social	28.316.443,26
3	Producción bens públicos carácter preferente	24.957.616,15
4	Actuacións de carácter económico	57.889.908,55
9	Actuacións de carácter xeral	60.951.565,04
0	Débeda pública	0,00
TOTAL ORZAMENTO XERAL		175.599.035,00

2º.- Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se tiveran presentado reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

4º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiránse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.

Este ditame apróbase cos votos a favor dos grupos Socialista, Nacionalista, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, e coa abstención do grupo Popular.

O presidente,

Antonio Leira Piñeiro

A secretaria,

María José Vázquez Sesmonde



**DON JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA, SECRETARIO XERAL DA EXCMA.
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

CERTIFICA: Que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión plenaria ordinaria celebrada o vinte e sete de novembro de dous mil quince adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**“31. APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2016 E DAS BASES
PARA A SÚA EXECUCIÓN**

Examinado o expediente que contén o Proxecto de orzamento xeral da Deputación Provincial para o exercicio económico de 2016, que presenta o Sr. Presidente, e tendo en conta que na súa formación se lle deu cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procede:

1º.- Aprobar o orzamento xeral para o exercicio 2016 por importe de 175.599.035,00 euros, cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIÓNS CORRENTES:

CAPÍTULO I	Impostos directos	16.113.432,58
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	14.396.701,53
CAPÍTULO III	Taxas e outros ingresos	10.519.620,98
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	131.814.277,44
CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	710.248,65
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		173.554.281,18

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI	Alleamento de investimentos reais	1.569.708,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		1.569.708,00

3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS:

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	475.045,82
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		475.045,82



TOTAL DE ORZAMENTO XERAL **175.599.035,00**

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIÓNS CORRENTES:

CAPÍTULO I	Gastos de persoal	39.839.503,89
CAPÍTULO II	Gastos correntes en bens e servizos	22.545.924,35
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	20.000,00
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	45.857.965,76
CAPÍTULO V	Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.512.000,00

TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES **111.775.394,00**

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI	Investimentos reais	22.402.870,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	19.355.000,00

TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL **41.757.870,00**

3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS:

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	22.065.771,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00

TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS **22.065.771,00**

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL **175.599.035,0**

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

ÁREA DE GASTO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
1	Servizos públicos básicos	3.483.502,00
2	Actuacións protección e promoción social	28.316.443,26
3	Producción bens públicos carácter preferente	24.957.616,15
4	Actuacións de carácter económico	57.889.908,55
9	Actuacións de carácter xeral	60.951.565,04
0	Débeda pública	0,00
TOTAL ORZAMENTO XERAL		175.599.035,00



**Deputación
DA CORUÑA**

2º.- Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril e, se ao remate do período de exposición non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado e publicarase resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 169.3 do citado texto refundido, consonte ao art. 20.3 do R.D. 500/90, do 20 de abril.

4º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiránelles copias do expediente á Administración xeral do Estado e da comunidade autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.”

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Presidente na Coruña, a tres de decembro de dous mil quince.

Vº e Pr.

O PRESIDENTE



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. de Orzamentos, Est. e Asist. Econ. Sección 1

Orzamento xeral para o exercicio 2016 e bases para a súa execución.

ANUNCIO

Na sesión plenaria celebrada o día 27 de novembro de 2015, a Corporación Provincial acordou aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2016 e as Bases para a súa execución.

O expediente expónse ao público na Secretaría Xeral desta Deputación polo prazo de quince (15) días hábiles, contados dende o seguinte ao de inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan realizar as reclamacións que estimen oportunas.

Se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións, ao orzamento para o exercicio 2016 e as bases para a súa execución, entenderanse definitivamente aprobados, de acordo co disposto no artigo 20.1 do R.D. 500/90, do 20 de abril e art. 169.1 do texto refundido da lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

A Coruña, 27 de novembro de 2015

O Presidente,

Valentín González Formoso

O Secretario Xeral

José Luís Almau Supervía

2015/11623



Deputación
DA CORUÑA

SERVIZO DE ORZAMENTOS, ESTUDOS
E ASISTENCIA ECONÓMICA.
SECCIÓN I

José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Excma. Deputación Provincial da Coruña, da que é presidente **Valentín González Formoso**,

CERTIFICA:

Que por anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 229 do día 30 de novembro de 2015, expúxose ao público no prazo de quince días hábiles e para os efectos do disposto no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, o **orzamento xeral para o exercicio 2016 e as bases para a súa execución**, presentándose no citado prazo as seguintes reclamacións:

Escrito presentado por Alberto Cadaveira Mahía como secretario da Sección Sindical da CIG na Deputación Provincial da Coruña.

Escrito presentado por Juan Pablo García Serrano como delegado sindical da Sección Sindical da CSIF na Deputación Provincial da Coruña.

Expido o presente certificado para que produza os efectos oportunos e se achegue ó respectivo expediente, de orde e co visto e prace do Sr. Presidente, na Coruña, a dezaioito de decembro de dous mil quince.

Vº e prace,
O presidente,

M^a JOSÉ VÁZQUEZ SESMONDE
Xefa da Sección



Deputación
DA CORUÑA

SERVIZO DE ORZAMENTOS, ESTUDOS
E ASISTENCIA ECONÓMICA.
SECCIÓN I

José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Excma. Deputación Provincial da Coruña, da que é presidente **Valentín González Formoso**,

CERTIFICA:

Que por anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 229 do día 30 de novembro de 2015, expúxose ao público no prazo de quince días hábiles e para os efectos do disposto no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, o **orzamento xeral para o exercicio 2016 e as bases para a súa execución**, presentándose no citado prazo as seguintes reclamacións:

Escrito presentado por Alberto Cadaveira Mahía como secretario da Sección Sindical da CIG na Deputación Provincial da Coruña.

Escrito presentado por Juan Pablo García Serrano como delegado sindical da Sección Sindical da CSIF na Deputación Provincial da Coruña.

Escrito presentado por Juan Francisco González Framil como delgado sindical de Somos-Galicia na Deputación Provincial da Coruña.

Expido o presente certificado para que produza os efectos oportunos e se achegue ó respectivo expediente, de orde e co visto e praxe do Sr. Presidente, na Coruña, a vinte e oito de decembro de dous mil quince.

Vº e praxe,
O presidente,

M^a JOSÉ VAZQUEZ SESMONDE

Xefa da Sección

COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Reunión do 23 de decembro de 2015

Preside: VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

Deputados/as:

Asistentes: JOSÉ GARCÍA LIÑARES (en substitución de Bernardo Fernández Piñeiro), JUAN VICENTE PENABAD MURAS, XESÚS MANUEL SOTO VIVERO, EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA, JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ (en substitución de José Carlos Calvelo Martínez), JOSÉ LUIS OUJO POUZO (en substitución de José Luis Fernández Mouriño), GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL, MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ, CLAUDIA DELSO CARREIRA, MANUEL DIOS DIZ e ÁNGEL GARCÍA SEOANE

Escusado: MANUEL MUÍÑO ESPASANDÍN

Presentes: JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA, (Interventor Xeral), ENRIQUE MANUEL CALVETE PÉREZ (Tesoureiro), ANA MARÍA MARCOS GARCÍA (Xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos), MANUEL VÁZQUEZ SESMONDE (Xefe do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente) e MARÍA AMPARO CRISTINA TABOADA GIL (Oficial Maior)

Secretaria: MARÍA JOSÉ VÁZQUEZ SESMONDE

**APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2016 E DAS BASES
PARA A SÚA EXECUCIÓN**

Durante o período de exposición pública do acordo de aprobación inicial do Orzamento Provincial do exercicio 2016 e das Bases para a súa execución presentáronse as reclamacións que se indican:

- Escrito de reclamación presentado pola Sección sindical da Confederación Intersindical Galega (CIG) na Deputación Provincial da Coruña (Rexistro de entrada nº 40512 de data 15 de decembro de 2015)
- Escrito de reclamación presentado pola Sección sindical da CSIF na Deputación Provincial da Coruña (Rexistro de entrada nº 58019 de data 17 de decembro de 2015).

1).- ANTECEDENTES:

As propostas do servizo de Persoal e Organización para o exercicio 2016 foron consideradas na Mesa de negociación que tivo lugar o día 28 de outubro de 2015.

A documentación que integra o expediente do Orzamento Xeral do exercicio 2016 foi sometida ao ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior na sesión ordinaria que se levou a cabo o 24 de novembro de 2015.

Posteriormente, o devandito expediente foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de novembro de 2015.

A través do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 229, de 30 de novembro de 2015 expúxose ao público o devandito expediente, de acordo coas normas de aplicación vixentes.

En relación cos escritos presentados emitíronse os informes que a continuación se indican:

Ao primeiro escrito:

- Informe da Tesourería do 20 de novembro e 17 de decembro deste ano.
- Informe emitido pola xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos do pasado 15 de decembro.
- Informe do día de hoxe do asesor xurídico.

Ao segundo escrito:

- Informe emitido no día de hoxe pola xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.
- Informe do día de hoxe do asesor xurídico.

2).- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

PRIMEIRO: De acordo co establecido no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto-Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, unicamente poden formularse reclamacións contra o Orzamento das Entidades Locais polas seguintes causas:

- a) Por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites previstos nesta Lei.
- b) Por omitirse o crédito necesario para o cumprimento das obrigacións esixibles á Entidade Local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos en relación aos gastos orzados ou deste respecto das necesidades para as que estean previstos.

Pois ben, ningunha das circunstancias expresadas dáse no expediente tramitado:

- a) A súa elaboración e aprobación realizouse con estrito cumprimento da legalidade vixente e leváronse a cabo todos os trámites previstos nas normas orzamentarias de aplicación.

- b) No Orzamento inicialmente aprobado contéñense as dotacións orzamentarias necesarias para facer fronte ás obrigacións legalmente esixibles á Entidade Local en virtude de precepto legal expreso ou de calquera outro título lexítimo. Tal circunstancia acredítase particularmente no que respecta aos gastos de persoal (electos, funcionarios, laboral ou eventual) a través do Anexo de Persoal que forma parte da documentación que integra o expediente orzamentario.
- c) O Orzamento inicialmente aprobado está formalmente equilibrado e, por tanto ponse de manifesto a suficiencia dos ingresos en relación cos gastos orzados e destes respecto das necesidades para as que están previstos.

SEGUNDO: Os informes achegados xa foron analizados noutros puntos da Orde do día da Comisión Informativa e do Pleno, e propúxose o rexeitamento das reclamacións formuladas.

3).- PROPOSTA DE ACORDO.

A demora na ratificación do acordo do Pleno de aprobar inicialmente o Orzamento do exercicio 2016 e as súas Bases de Execución suporía pospor a execución dos investimentos e transferencias de capital previstas no mesmo, o que afectaría aos intereses xerais que se pretenden atender. Despois dun estudo exhaustivo das reclamacións presentadas e vistos os informes emitidos e unha vez ditaminadas as propostas de desestimación das mesmas, proponse ás Señoritas e Señores Deputados integrantes da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior que ditaminen favorablemente e aos integrantes do Pleno Provincial que aproben as seguintes propostas:

- 1) Aprobar definitivamente o Orzamento provincial para o exercicio 2016 e as Bases para a súa execución.
- 3) Dispor a publicación do resumo por Capítulos do Orzamento Provincial para o exercicio 2016 no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, conforme ao establecido no artigo 20.5 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril e nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- 4) Remitir copia do expediente definitivamente aprobado á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real Decreto 500/190, de 20 de abril e nos artigos 169.34 e 177.2 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de Estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás

Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro e da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

De conformidade co establecido nas normas de aplicación, contra a aprobación definitiva do Orzamento Provincial do exercicio 2016 e das Bases para a súa execución poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas da devandita Xurisdición.

Este ditame apróbase coa abstención do Partido Popular.

O presidente

Valentín González Formoso

A secretaria

M^a José Vázquez Sesmonde



COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Reunión do 30 de decembro de 2015

Preside: ANTONIO LEIRA PIÑEIRO

Deputados/as:

Asistentes:

JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO (en substitución de Bernardo Fernández Piñeiro), JUAN VICENTE PENABAD MURAS, XOSÉ REGUEIRA VARELA (en substitución de Manuel Muíño Espasandín), XESÚS MANUEL SOTO VIVERO, EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA, JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ (en substitución de José Carlos Calvelo Martínez), JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO, GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL, MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ e MANUEL DIOS DIZ

Escusados:

CLAUDIA DELSO CARREIRA e ÁNGEL GARCÍA SEOANE

Presentes:

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA, (Interventor Xeral), ENRIQUE MANUEL CALVETE PÉREZ (Tesoureiro), ANA MARÍA MARCOS GARCÍA (Xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos) e MARÍA AMPARO CRISTINA TABOADA GIL (Oficial Maior)

Secretaria:

MARÍA JOSÉ VÁZQUEZ SESMONDE

**DESESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA POR JUAN FRANCISCO GONZÁLEZ FRAMIL
COMO DELEGADO SINDICAL DE SOMOS-GALICIA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2016 E DAS BASES PARA A
SÚA EXECUCIÓN**

Durante o período de exposición pública do acordo de aprobación inicial do Orzamento Provincial do exercicio 2016 e das Bases para a súa execución presentáronse as reclamacións que se indican:

- Escrito de reclamación presentado pola Sección sindical da Confederación Intersindical Galega (CIG) na Deputación Provincial da Coruña (Rexistro de entrada nº 40512 de data 15 de decembro de 2015).
- Escrito de reclamación presentado pola Sección sindical da CSIF na Deputación Provincial da Coruña (Rexistro de entrada nº 58019 de data 17 de decembro de 2015).
- Escrito de reclamación presentado pola Sección sindical Somos-Galicia no rexistro do Centro de Atención ao Cidadán (DR. Teixeira) Santiago de Compostela da Xunta de Galicia (Rexistro de entrada núm. 27941 con data do 18 de decembro de 2015).

1).- ANTECEDENTES:

As propostas do servizo de Persoal e Organización para o exercicio 2016 foron consideradas na Mesa de negociación que tivo lugar o día 28 de outubro de 2015.

A documentación que integra o expediente do Orzamento Xeral do exercicio 2016 foi sometida ao ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior na sesión ordinaria que se levou a cabo o 24 de novembro de 2015.

Posteriormente, o devandito expediente foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de novembro de 2015.

A través do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 229, de 30 de novembro de 2015 expúxose ao público o devandito expediente, de acordo coas normas de aplicación vixentes.

En relación cos dous primeiros escritos presentados emitíronse os informes que a continuación se indican:

Ao escrito da CIG:

- Informe da Tesourería do 20 de novembro e 17 de decembro deste ano.
- Informe emitido pola xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos do pasado 15 de decembro.
- Informe do asesor xurídico con data do 18 de decembro de 2015.

Ao escrito da CSIF:

- Informe emitido pola xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos con data do 18 de decembro de 2015.
- Informe do asesor xurídico con data do 18 de decembro de 2015.

En relación co escrito de Somos-Galicia deben considerarse o contido dos seguintes informes:

- Informes da Tesourería do 20 de novembro e do 17 e 28 de decembro deste ano.
- Informe emitido pola xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos no día de hoxe.
- Informes da Asesoría Xurídica.

2).- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

PRIMEIRO: De acordo co establecido no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, unicamente poden formularse reclamacións contra o Orzamento das Entidades Locais polas seguintes causas:

- a) Por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites previstos nesta Lei.
- b) Por omitirse o crédito necesario para o cumprimento das obrigacións esixibles á Entidade Local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos en relación aos gastos orzados ou deste respecto das necesidades para as que estean previstos.

Pois ben, ningunha das circunstancias expresadas se dá no expediente tramitado:

- a) A súa elaboración e aprobación realizouse con estrito cumprimento da legalidade vixente e leváronse a cabo todos os trámites previstos nas normas orzamentarias de aplicación.
- b) No Orzamento inicialmente aprobado contéñense as dotacións orzamentarias necesarias para facer fronte ás obrigacións legalmente esixibles á Entidade Local en virtude de precepto legal expreso ou de calquera outro título lexítimo. Tal circunstancia acredítase particularmente no que respecta aos gastos de persoal (electos, funcionarios, laboral ou eventual) a través do Anexo de Persoal que forma parte da documentación que integra o expediente orzamentario.
- c) O Orzamento inicialmente aprobado está formalmente equilibrado e, por tantoponse de manifesto a suficiencia dos ingresos en relación cos gastos orzados e destes respecto das necesidades para as que están previstos.

SEGUNDO: Os informes relativos ás reclamacións formuladas pola CIG e pola CSIF xa foron analizados na Comisión Informativa celebrada o 23 de decembro de 2015, e ditaminouse o rexeitamento das reclamacións formuladas.

TERCEIRO: Alegación presentada por Somos-Galicia.

A) Os informes da tesourería chegan as seguintes conclusións:

1. Só hai un sistema de produtividade para a área tributaria no exercicio 2016 que resulta da aplicación do convenio colectivo do persoal laboral e do acordo plenario do 27 de novembro de 2014 e a súa desagregación en dúas aplicacións orzamentarias diferentes, unha para o persoal funcionario e outra para o laboral ven imposto pola clasificación orzamentaria do gasto do persoal.

2. A previsión orzamentaria da produtividade da área tributaria e razoable e dabondo para atender o gasto previsto nese concepto, sen prexuízo de que si houbera unha mellora no cumprimento dos obxectivos da área haberá que complementar a súa dotación orzamentaria.

B) O informe da xefa do servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos que propón desestimar a reclamación sindical, xa que:

1. As contías das aplicacións orzamentarias de produtividade da área tributaria son precisamente o resultado da aplicación do acordo plenario do 27 de novembro de 2014 que establece un novo sistema unificado para toda a área tributaria.
2. En canto ao complemento específico do posto de Técnico Financeiro-Tributario cumpriuse estritamente o disposto no artigo 23 da Lei 48/2015 de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2016 ao incrementar o complemento específico un 1% respecto da contía vixente a 31 de decembro de 2015 e só é posible a súa modificación cos trámites legalmente previstos: valoración de postos de traballo, negociación sindical, etc.
3. Con base a normativa legal aplicable negociouse coa representación sindical, na Mesa Xeral de Negociación dos Empregados Públicos da Deputación da Coruña o 28 de outubro de 2015 a Relación de Postos de Traballo do 2016, polo que non é posible polo trámite de alegacións modificar a forma de provisión da praza de xefatura da unidade central de recadación executiva (UCRE).

C) Informe do Asesor Xurídico.

O asesor xurídico indica que nos informes xa citados queda acreditado que non hai insuficiencia orzamentaria e que non se cumpre ningún outro dos motivos legalmente previstos de impugnación do orzamento, polo que entende que o Pleno ten de rexeitar a reclamación presentada.

3).- PROPOSTA DE ACORDO.


A demora na ratificación do acordo do Pleno de aprobar inicialmente o Orzamento do exercicio 2016 e as súas Bases de Execución suporía pospor a execución dos investimentos e transferencias de capital previstas no mesmo, o que afectaría aos intereses xerais que se pretenden atender. Despois dun estudo exhaustivo das reclamacións presentadas e vistos os informes emitidos, proponse ás Señoritas e Señores Deputados integrantes da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior que ditaminen favorablemente e aos integrantes do Pleno Provincial que aproben as seguintes propostas:

- 1) Reiterar a desestimación das alegacións formuladas pola CIG e pola CSIF e desestimar as alegacións contidas no escrito de reclamación presentado polo Delegado Sindical de Somos-Galicia.
- 2) Aprobar definitivamente o Orzamento provincial para o exercicio 2016 e as Bases para a súa execución.
- 3) Dispor a publicación do resumo por Capítulos do Orzamento Provincial para o exercicio 2016 no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, conforme ao establecido no artigo 20.5 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril e nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- 4) Remitir copia do expediente definitivamente aprobado á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real Decreto 500/190, de 20 de abril e nos artigos 169.34 e 177.2 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de Estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro e da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

De conformidade co establecido nas normas de aplicación, contra a aprobación definitiva do Orzamento Provincial do exercicio 2016 e das Bases para a súa execución poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas da devandita Xurisdición.

Este ditame apróbase coa abstención do Grupo Popular e de Compostela Aberta.

O presidente



Antonio Leira Piñeiro

A secretaria



Mª José Vázquez Sesmonde



**DONA M^a AMPARO C. TABOADA GIL, SECRETARIA ACCIDENTAL DA EXCMA.
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

CERTIFICA: Que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión plenaria ordinaria celebrada o trinta de decembro de dous mil quince adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**“48. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO
2016 E DAS BASES PARA A SÚA EXECUCIÓN**

Durante o período de exposición pública do acordo de aprobación inicial do orzamento provincial do exercicio 2016 e das bases para a súa execución presentáronse as reclamacións que se indican:

- Escrito de reclamación presentado pola Sección Sindical da Confederación Intersindical Galega (CIG) na Deputación Provincial da Coruña (Rexistro de entrada núm. 40512 do 15 de decembro de 2015).
- Escrito de reclamación presentado pola Sección Sindical da CSIF na Deputación Provincial da Coruña (Rexistro de entrada núm. 58019 do 17 de decembro de 2015).
- Escrito de reclamación presentado pola Sección Sindical Somos-Galicia no rexistro do Centro de Atención ao Cidadán (Dr. Teixeira) Santiago de Compostela da Xunta de Galicia (Rexistro de entrada núm. 27941 do 18 de decembro de 2015).

1. ANTECEDENTES

As propostas do servizo de Persoal e Organización para o exercicio 2016 foron consideradas na mesa de negociación que tivo lugar o día 28 de outubro de 2015.

A documentación que integra o expediente do orzamento xeral do exercicio 2016 foi sometida ao ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior na sesión ordinaria que se levou a cabo o 24 de novembro de 2015.

Posteriormente, o devandito expediente foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de novembro de 2015.

A través do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 229, de 30 de novembro de 2015, expúxose ao público o devandito expediente, de acordo coas normas de aplicación vixentes.

En relación cos dous primeiros escritos presentados emitíronse os informes que a continuación se indican:



Ao escrito da CIG:

- Informe da Tesourería do 20 de novembro e 17 de decembro deste ano.
- Informe emitido pola xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos o pasado 15 de decembro.
- Informe emitido polo asesor xurídico o 18 de decembro de 2015.

Ao escrito da CSIF:

- Informe emitido pola xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos o 18 de decembro de 2015.
- Informe emitido polo asesor xurídico o 18 de decembro de 2015.

En relación co escrito de Somos-Galicia deben considerarse o contido dos seguintes informes:

- Informes da Tesourería do 20 de novembro e do 17 e 28 de decembro deste ano.
- Informe emitido pola xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos no día de hoxe.
- Informes da Asesoría Xurídica.

2. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

PRIMEIRO: De acordo co establecido no artigo 170.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, unicamente poden formularse reclamacións contra o orzamento das entidades locais polas seguintes causas:

- a) Por non axustárense a súa elaboración e aprobación aos trámites previstos nesta Lei.
- b) Por omitirse o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por seren de manifesta insuficiencia os ingresos en relación aos gastos orzados ou deste respecto das necesidades para as que estean previstos.

Pois ben, ningunha das circunstancias expresadas se dá no expediente tramitado:

- a) A súa elaboración e aprobación realizouse con estrito cumprimento da legalidade vixente e leváronse a cabo todos os trámites previstos nas normas orzamentarias de aplicación.



- b) No orzamento inicialmente aprobado contéñense as dotacións orzamentarias necesarias para facer fronte ás obrigas legalmente esixibles á entidade local en virtude de precepto legal expreso ou de calquera outro título lexítimo. Tal circunstancia acredítase particularmente no que respecta aos gastos de persoal (electos, funcionarios, laboral ou eventual) a través do Anexo de Persoal que forma parte da documentación que integra o expediente orzamentario.
- c) O orzamento inicialmente aprobado está formalmente equilibrado e, por tanto ponse de manifesto a suficiencia dos ingresos en relación cos gastos orzados e destes respecto das necesidades para as que están previstos.

SEGUNDO: Os informes relativos ás reclamacións formuladas pola CIG e pola CSIF xa foron analizados na comisión informativa celebrada o 23 de decembro de 2015 e ditaminouse o rexeitamento das reclamacións formuladas.

TERCEIRO: Alegación presentada por Somos-Galicia

A) Os informes da Tesourería achegan as seguintes conclusións:

- 1. Só hai un sistema de produtividade para a área tributaria no exercicio 2016 que resulta da aplicación do convenio colectivo do persoal laboral e do acordo plenario do 27 de novembro de 2014 e a súa desagregación en dúas aplicacións orzamentarias diferentes, unha para o persoal funcionario e outra para o laboral, vén imposta pola clasificación orzamentaria do gasto do persoal.
- 2. A previsión orzamentaria da produtividade da área tributaria e razoable e abonda para atender o gasto previsto nese concepto, sen prexuízo de que se houberse unha mellora no cumprimento dos obxectivos da área haberá que suplementar a súa dotación orzamentaria.

B) O informe da xefa do servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos que propón desestimar a reclamación sindical, xa que:

- 1. As contías das aplicacións orzamentarias de produtividade da área tributaria son precisamente o resultado da aplicación do acordo plenario do 27 de novembro de 2014 que establece un novo sistema unificado para toda a área tributaria.
- 2. En canto ao complemento específico do posto de técnico financeiro-tributario cumpriuse estritamente o disposto no artigo 23 da Lei 48/2015 de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016 ao incrementar o complemento específico un 1



% respecto da contía vixente o 31 de decembro de 2015 e só é posible a súa modificación cos trámites legalmente previstos: valoración de postos de traballo, negociación sindical etc.

3. Con base a normativa legal aplicable negociouse coa representación sindical, na Mesa Xeral de Negociación dos Empregados Públicos da Deputación da Coruña o 28 de outubro de 2015 a relación de postos de traballo do 2016, polo que non é posible polo trámite de alegacións modificar a forma de provisión da praza de xefatura da unidade central de recadación executiva (UCRE).

C) Informe do asesor xurídico

O asesor xurídico indica que nos informes xa citados queda acreditado que non hai insuficiencia orzamentaria e que non se cumpre ningún outro dos motivos legalmente previstos de impugnación do orzamento, polo que entende que o Pleno ten que rexeitar a reclamación presentada.

3. PROPOSTA DE ACORDO

A demora na ratificación do acordo do Pleno de aprobar inicialmente o orzamento do exercicio 2016 e as súas bases de execución suporía pospor a execución dos investimentos e transferencias de capital previstos nel, o que lles afectaría aos intereses xerais que se pretenden atender.

Despois dun estudo exhaustivo das reclamacións presentadas e vistos os informes emitidos, propónselles ás señoras e señores deputados integrantes da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior que ditaminen favorablemente e aos integrantes do Pleno Provincial que aproben as seguintes propostas:

1. Reiterar a desestimación das alegacións formuladas pola CIG e pola CSIF e desestimar as alegacións contidas no escrito de reclamación presentado polo delegado sindical de Somos-Galicia.
2. Aprobar definitivamente o orzamento provincial para o exercicio 2016 e as bases para a súa execución.
- 3) Dispor a publicación do resumo por capítulos do orzamento provincial para o exercicio 2016 no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, conforme ao establecido no artigo 20.5 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril e nos artigos 169 e 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.



**Deputación
DA CORUÑA**

- 4) Remitirlles copia do expediente definitivamente aprobado á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/190, do 20 de abril e nos artigos 169.34 e 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Tamén se lle remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para darlle cumprimento ao disposto no artigo 29 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, e da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

De conformidade co establecido nas normas de aplicación, contra a aprobación definitiva do orzamento provincial do exercicio 2016 e das bases para a súa execución poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición.”

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Presidente na Coruña, a trece de xaneiro de dous mil dezaseis.

Vº e Pr.

O PRESIDENTE



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. de Orzamentos, Est. e Asist. Econ. Sección 1

Expediente de modificación de créditos núm. 6/2015 de aprobación polo Pleno

ANUNCIO

A Corporación provincial, en sesión plenaria celebrada o día 27 de novembro de 2015, aprobou o **Expediente de modificación de créditos núm. 6/2015**, que se tramitan dentro do vixente orzamento xeral da Deputación provincial. O expediente considéranse definitivamente aprobados ao non se formularen reclamacións no prazo de exposición ao público. En cumprimento do disposto nos artigos 38.2 e 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril, publícase o resumo do dito orzamento a nivel de capítulos, unha vez efectuada a oportuna modificación, quedando como se detalla:

Orzamento Xeral Ordinario

Estado de situación dos créditos definitivos no día de hoxe, unha vez incorporado o Expediente de modificación de créditos núm. 6/2015:

CAPÍTULOS	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
CAPÍTULO I	38.860.288,72	38.860.288,72
CAPÍTULO II	30.068.201,63	29.168.201,63
CAPÍTULO III	48.287,66	48.287,66
CAPÍTULO IV	50.662.448,70	52.050.199,02
CAPÍTULO V	1.304.000,00	1.304.000,00
CAPÍTULO VI	56.326.770,23	56.326.770,23
CAPÍTULO VII	130.021.525,56	137.680.538,30
CAPÍTULO VIII	25.845.699,32	25.845.699,32
CAPÍTULO IX	0,00	0,00
TOTAIS:	333.137.221,82	341.283.984,88

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Coruña, 21 de decembro de 2015

O Presidente

Valentín González Formoso

O Secretario xeral

José Luis Almu Supervía

2015/12317